

**Resolución reitoral pola que se publica a convocatoria do programa bolsas “Santander Excelencia 360” na Universidade de Vigo no curso 2025/2026**

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo e o Banco Santander S.A. (no sucesivo “Santander”) teñen asinado un convenio co obxecto de facilitar no curso académico 2025/2026 o acceso á educación superior ao estudantado de máster universitario.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023 de 22 de marzo do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade.

**ESTA REITORÍA RESOLVE**

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, **1** bolsa do Programa Bolsas “Santander Excelencia 360” para estudantado da Universidade de Vigo que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](https://sede.uvigo.gal/) e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta de recurso de reposición interposto, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



## ANEXO I

## BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA BOLSAS “SANTANDER EXCELENCIA 360”

**1. OBXECTO**

Esta convocatoria está prevista no Plan Estratéxico de Subvencións da Universidade de Vigo como acción destinada ao cumprimento do obxectivo 26 “captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria” facilitando o acceso á educación superior a estudantes con excelentes expedientes académicos, e fomentar a inclusión educativa velando polos criterios de igualdade e equidade social (económica ou cultural).

O réxime desta convocatoria axustarase a normativa de subvencións e a normativa propia da universidade que lle sexa de aplicación, así como ao establecido no documento anexo denominado “*Termos e condicións xerais*” sempre que non entre en contradición coa normativa.

**2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Poderá solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Posuír nacionalidade española, nacionalidade comunitaria acreditando a residencia continuada, ou fora da UE acreditando a residencia legal en España no prazo de presentación de solicitudes (non será suficiente o permiso de estada por estudos).
- b) Ter rematado unha titulación de Grao na Universidade de Vigo no curso 2024/2025.
- c) Estar matriculado no curso 2025/2026 en 60 créditos nalguna titulación de máster universitario da Universidade de Vigo.
- d) Ter unha nota de acceso ao máster igual ou superior a 8,5.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

**3. INCOMPATIBILIDADES**

A bolsa que se establece nesta convocatoria será incompatible con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

**4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO**

1. Os fondos destinados a esta bolsa financiada polo Santander irán con cargo á aplicación orzamentaria 2026 0000 121D 482.12 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 12.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
2. A contía máxima da bolsa será de 12.000 €. Esta contía está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.
3. O pagamento da bolsa efectuarase, unha vez comprobado a aceptación da bolsa nos termos establecidos na base 7, mediante transferencia á conta en España indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular.



## 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán encher o **formulario en liña** dispoñible na Secretaría Virtual da Universidade <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index>

**Bolsas Santander Excelencia 360º** e inscribirse na web do Santander <https://app.santanderopenacademy.com/es/program/excelencia-360o-2026>

2. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **7 de maio de 2026** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. Xunto co formulario en liña achegarase, de ser o caso, a seguinte documentación:

- a) documentación acreditativa, no caso de non ter nacionalidade española:
  - no caso de estudantado comunitario deberá presentar documento do Rexistro de cidadán/a da Unión Europea
  - no caso de estudantado extracomunitario deberá presentar a tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estadia por estudos).
- b) da discapacidade expedida polo organismo competente da comunidade autónoma.
- c) do sistema de protección á infancia e adolescencia expedida polo órgano competente da comunidade autónoma.
- d) do nivel de inglés: mediante a presentación das seguintes certificacións oficiais recoñecidas pola *Asociación de Centros de Linguas en la Enseñanza Superior* (ACLES):  
<https://www.acles.es/uploads/archivos/Tablas ACLES/Tablas de certificados reconocidos por ACLES 2024 07 25.pdf>

e) anexo II

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

## 6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión**.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o *formulario de alegacións* na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

1. Nota de acceso ao máster universitario. (**máximo 10 puntos**)
2. Colectivos vulnerables (**máximo 2 puntos**)



- Grao de discapacidade legalmente recoñecida polo organismo competente da comunidade autónoma
  - entre o 33% e o 66%: 0,5 puntos
  - superior ao 66%: 1 punto
- Estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia: 2 puntos

### 3. Vida universitaria

- Practicas extra curriculares: FUVI (**máximo 1 punto**)
  - Ata 900 horas realizadas: 0,5 puntos
  - De 901 ata 1500 horas realizadas: 0,75 puntos
  - A partir de 1501 horas realizadas: 1 punto
- Mobilidade: Participación en programas de mobilidade nacional e internacional da Uvigo (**máximo 1 punto**)
  - Un cuatrimestre: 0,5 puntos
  - Curso completo: 1 punto
- Participación en programas de emprendedores e mentoring na Uvigo: **0,5 puntos**
- Idiomas só se terá en conta un nivel (**máximo 1 punto**)
  - Nivel B2: 0,5 puntos
  - Nivel C1: 0,75 puntos
  - Nivel C2: 1 punto
- Participar en programas de voluntariado da Uvigo: **0,5 puntos**

A Sección de Axudas e Bolsas consultará os méritos referidos ao expediente académico da propia universidade. Dos restantes méritos só se terán en conta os que se acrediten con documentación xunto coa solicitude ou no prazo de emenda.

A comisión de avaliación estará composta por:

Presidencia: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais: Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos  
María Magdalena Domínguez Álvarez, xefa da Área de Bolsas

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora tivera que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non puidese asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoa con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións dispoñible na secretaría virtual.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.



**A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.**

7. As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

8. As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](http://sede.uvigo.gal/) e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten oportunas serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 7. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

1. A persoa beneficiaria da bolsa deberá aceptar a concesión da bolsa no prazo establecido na resolución de adxudicación a través da páxina web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com). De non facelo se lle concederá a bolsa a seguinte persoa da lista de agarda.

2. A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o formulario de renuncia existente na secretaría virtual e presentada na sede electrónica da Universidade de Vigo ([sede.uvigo.gal](http://sede.uvigo.gal/)) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

## 8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- Destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida.
- Estar matriculada durante todo o curso académico.

Ademais o/a beneficiario/a deberá cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

## 9. REVISIÓN E REINTEGRO DAS BOLSAS

Serán causas de reintegro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas estará obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

## 10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas



concedidas, así como as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedinte xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

## 11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)



**ANEXO II**

**DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A BOLSA “SANTANDER EXCELENCIA 360º”**

Apelidos e nome:.....

DNI:.....

**Detalle dos méritos:**

- Practicas extra curriculares (especificar horas e datas)

Lugar de destino: .....

Institución ou entidade de destino: .....

.....

Data de inicio: ..... Data de finalización: .....

Duración da actividade (en días):

.....

- Mobilidade:

- Programa de mobilidade.....

- Datas de inicio e finalización.....

- Programas de Emprendemento na Uvigo (especificar).....

- Datas de inicio e finalización.....

- Voluntariado (especificar).....

- Datas de inicio e finalización.....

En ....., a ..... de ..... de 2026

(Sinatura dixital BOLSEIRO/A)

